

● Convocatoria

O Concello de Santiago de Compostela e a Cámara de Comercio, Industria e Navegación convocan a XIII edición do PREMIO MANUEL BEIRAS para recoñecer o labor en prol do uso do galego na comunicación empresarial e comercial.

● Promocionar as empresas que usan o galego

Estas entidades, entendendo a importancia do sector socioeconómico, queren poñer de manifesto este esforzo e chamar a atención da cidadanía e dos medios de comunicación sobre os establecementos que contribúen a facer normal o uso da nosa lingua. Para logralo convocan cada ano o Premio Manuel Beiras.

● O valor do galego

O público compostelán aprecia que a oferta comercial, a publicidade, a atención directa ou telefónica se faga na lingua que usa maioritariamente na súa comunicación cotiá: o galego. Cada ano, máis empresas así o perciben e deciden poñelo en práctica no trato directo cos clientes e tamén na documentación escrita, na rotulación dos establecementos ou na publicidade que realizan.

● Símbolo cultural. Símbolo da cidade

Este premio, de carácter simbólico, lembra tamén a figura dun comerciante compostelán, que foi membro das dúas corporacións e ao que se outorgou a Medalla de Ouro da cidade pola súa contribución cultural, un exemplo de compromiso colectivo desde o sector socieconómico.

● Un premio de todos

Calquera empresa ou comercio que estea radicado no noso municipio pode optar ao premio. Poden propoñelo os seus representantes ou propietarios ou tamén pode suxerilo calquera persoa ou entidade que o considere merecente deste galardón.

● Candidatura

Para formular as propostas de candidatura chega con comunicalo ao Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago ou ao Departamento de Comunicación da Cámara de Comercio antes do 30 de novembro.

A partir dessa proposta, porémonos en contacto coa empresa para recoller a información que ilustre o uso da lingua que vén realizando co fin de presentarlla ao xurado.

● Para más información:

- Departamento de Lingua Galega | Concello de Santiago de Compostela:
981 542 409 | dlg@santiagodecompostela.org
- Departamento de comunicación | Cámara de Comercio:
981 596 800 | comunicacion@camaracompostela.com



CONCELLO DE
SANTIAGO

Cámara
Santiago de Compostela



XIII Premio Manuel Beiras

Bases

1. Con este premio preténdese distinguir aquelas empresas que fagan un uso normalizado da lingua galega nas súas actividades comerciais e de comunicación.

O Premio Manuel Beiras terá carácter de distinción pública e, polo tanto, materializarase nun elemento simbólico de carácter artístico entregado ás persoas ou entidades premiadas nun acto protocolario, sen que leve engadido ningún beneficio económico.

2. Convócanse as seguintes categorías do premio:

- Empresas que veñan realizando un uso continuado da lingua galega.
- Empresas que se incorporaran recentemente ao uso do galego.

3. Tamén poderá outorgarse unha distinción especial a unha persoa ou entidade que se destacara pola súa contribución á normalización da lingua no mundo empresarial, ben sexa polo seu labor de promoción do idioma, de difusión ou por algúun outro apoio significativo a este proceso.

4. Poden concorrer a este premio as empresas radicadas no Concello de Santiago de Compostela, entendendo aquellas que teñen a súa sede social no municipio ou que realizan unha importante actividade nel.

5. As empresas poderán presentar directamente a súa candidatura ou seren propostas por calquera persoa ou entidade, xustificando na medida do posíbel os méritos con que contan.

6. As empresas candidatas, para manter esta condición, deberán acceder a facilitar información ao xurado acerca dos usos lingüísticos na súa comunicación interna e externa.

7. O xurado estará formado polos seguintes membros:

- Un representante do Concello de Santiago.
- Un representante da Cámara de Comercio.
- Un representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Un representante da Universidade de Santiago de Compostela.
- Un representante dunha asociación en defensa da lingua.
- Un representante do Colexio Oficial de Xornalistas.
- Un representante dunha asociación de consumidores.
- Un representante de cada unha das empresas premiadas na edición anterior.
- A persoa ou entidade distinguida co galardón especial na edición anterior.

A presidencia do xurado recaerá en anos alternos no Concello de Santiago e na Cámara de Comercio, correspondendo a do ano 2012 ao Concello de Santiago. Realizará as funcións de secretaría

unha persoa designada pola presidencia, que asistirá ás xuntanzas do xurado con voz e sen voto.

8. O xurado, que poderá propor tamén candidaturas, seleccionará os/as premiados de acordo coa finalidade do premio, podendo optar por deixalo deserto na súa totalidade ou nalgúnha das categorías. A súa decisión será inapelábel.

9. Os premios serán entregados nun acto público ao que se dará difusión polos medios que as entidades convocantes acorden.

10. As empresas ou entidades premiadas poderán mencionar na súa comunicación a posesión desta distinción, podendo mesmo incluír esta mención na súa publicidade ou papelería.

